



SOCIEDAD DE MONTAÑA

ARTABROS

DESDE 1974

VETERANOS ACTIVOS



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CONCELLO DA CORUÑA
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

RÍO BARBANTIÑO - PUNXÍN (Ourense) MÉRCORES 27 DE MAIO DE 2026

PRESENTACIÓN

Comenzaremos a nosa excursión disfrutando dunha visita ao “Escorial galego”, que non é outro que o **Mosteiro de Oseira**.

É un dos cenobios cistercienses máis importantes de Galicia fundado no século XII. Destaca pola súa imponente arquitectura de estilo románico e barroco. A súa igrexa, claustros e sala capitular reflicten a sobriedade e espiritualidade propia da orde. Rodeado de natureza, segue a ser un lugar de gran valor histórico e relixioso. Despois da visita, poderemos tomar café no mesmo pobo.

O ROTEIRO

A continuación o bus acercaranos ao **Concello de Punxín**, no noroeste da provincia de Ourense. Alí están as Termas que manan augas cálidas (23°C) e sulfurosas con propiedades minerais e medicinais para tratar doenzas dixestivas, respiratorias e musculoesqueléticas, así como para a relaxación. A poucos metros discorre o río Barbantiño que é a peza central do noso roteiro.

As ribeiras do río Barbantiño foron un centro primordial da actividade moendaria dende a Alta Idade Media, unha actividade que se intensificou aínda máis coa chegada do millo. Abundan os muíños ao longo do curso do río; algúns, ben conservados ou restaurados, serven como testemuño desta actividade agora esquecida. Ao seu redor aínda se conservan as vías de servizo necesarias para o transporte de gran e fariña, e para o mantemento dos propios muíños.

A **Senda Natural do Barbantiño** atravesa os concellos de Maside (parroquia de Armeses), Amoeiro (Parada) e Punxín (Santa María).

O sendeiro comeza no **Bañiño (Punxín)**. Serpentea por unha impresionante paisaxe natural, salpicada de pequenas pontes e pasarelas. Ascende gradualmente pola marxe dereita do río, atravesando paisaxes agrícolas e bosques de ribeira compostos por amieiros, freixos, chopos e salgueiros. Outras especies que se poden atopar de forma máis esporádica son o castiñeiro, a cerdeira, o olmo e o loureiro.

Este camiño está atravesado por rochas graníticas vidradas pola auga e cubertas de musgo, e acompañado por unha longa franxa de fento real, moi estendido nas conchas fluviais galegas. Máis alá das especies puras de ribeira, pódense atopar carballos, carballos pirenaicos e piñeiros marítimos. A combinación de auga, pe-

dra e arborado crea un ambiente moi vivo e cambiante, especialmente fermoso na primavera.

Tanto na marxe dereita como na esquerda pódense atopar diversas estruturas hidráulicas abandonadas, algunhas restauradas e outras aínda en uso.

A medida que se avanza polo val, o camiño estréitase gradualmente. A paisaxe verdecente deste bosque de ribeira brilla con intensidade grazas á presenza dos loureiros. Este misterioso tramo, que evoca a imaxe do bandido Fendetestas de "O bosque encantado" (W. Fdez. Flórez), tamén sorprende con pequenas presas ou acimes de pedra feitos a man, que antigamente servían para reter a auga e desviala a través dunha canle para o seu posterior uso na xestión da auga.

Un dos puntos máis destacados da saída será a parada para xantar na área recreativa, un recuncho especialmente axeitado para descansar e contemplar a forza da auga. Alí mesmo, un ramal ofrece un curto paseo por unha pasarela metálica ata a fermosa paraxe natural da "**Fervenza do Barbantiño**", tamén coñecida como "**Fervenza do Cachón**", famosa pola súa caída de 15 metros de altura e as súas pozas cristalinas.

A área recreativa conta con dous grandes bancos de pedra, un teito que ofrece refuxio tanto das frecuentes choivas como do intenso sol do verán. En días despexados, pódese gozar de fermosas vistas panorámicas do val.

Regresaremos pola marxe esquerda. A baixada de volta é máis doada que a de ida, e gran parte da ruta segue por cómodos sendeiros que ofrecen unhas vistas espectaculares do río, xa que se camiña uns 10 metros por riba do nivel do río ata chegar á pequena central hidroeléctrica. Un pouco máis abaixo, aínda se poden ver as instalacións en ruínas dunha piscifactoría, outra actividade económica ligada ao forte caudal do río e á boa calidade da auga.

Xa cerca do final, tomamos un camiño que nos leva de volta ata a ribeira a poucos metros e continuamos bordeando o río ata cerca de A Vilerma dende onde regresaremos as **Termas de Punxín**.

Distancia: 11 km. Desnivel positivo/ negativo 215 m.

Guía: Carmen Filgueira

¡¡OLLO!!, a SAIDA será as **8,30 horas**, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

